

A **cantiga de amor** é un poema en que o eu lírico é un home, o trovador, que amosa o seu amor pola súa **senhor**¹. A relación amorosa que aparece nas cantigas de amor galego-portuguesas toman o modelo característico da **cançó provenzal: o amor cortés**. O amor cortés é unha transposición da **vasalaxe**² característico do feudalismo ás relacións amorosas entre a dama e o cabaleiro: o trovador débelle *homenaxe* e *submisión* á súa amada (*a senhor*), esperando ser recompensado. Na lírica galega a recompensa nunca se produce, trátase sempre dun **amor non correspondido**, un amor platónico, polo que todas as cantigas xiran arredor da **coita de amor**, e dos sentimentos relacionados con esta pena: **entolecer** de amor (*tolher o sen, ensandecer, folia*³) ou **morrer** de amor.

Aínda que as nosas cantigas de amor parten do modelo da cançó provenzal, existen moitas **diferenzas**: por exemplo na lírica provenzal a dama é unha muller casada e as cantigas provenzais falan do gozo de amar pois a dama si recompensa ao bo namorado.

A cantiga de amor soe comezar coa **loanza** da dama. A **senhor** é unha muller **idealizada**, que aparece descrita como: de extraordinaria beleza, case perfecta (*fremosa, de bon semelhar, de bon parecer, ben talhada*), e descrita sempre positivamente con tópicos referidos ao seu carácter (*de bon prez*⁴, *de bon sen, bondade*). A súa **actitude** respecto ao trovador pode ir desde a indiferenza (*desamparar, falir*⁵), a provocar dor (*dar penas, dar coita, fazer mal*), mostrar rabia (*a sanha*) e negarlle ao namorado o dereito a lle falar ou a mirala.

O **trovador** desempeña o papel de vasalo, con fórmulas propias das relacións feudais (*seer vosso, voss'ome*), e preséntase como un home fiel e honesto servidor.

Formalmente poden ser cantigas de **mestría** (as máis comúns neste xénero), sen refrán e que seguen o modelo da cançó provenzal, ou de **refrán**. Poden utilizar o **paralelismo semántico** (as distintas estrofas desenvolven a mesma idea pero con palabras distintas) e moi raramente o paralelismo literal, cunha estrutura que as asemella a cantigas de amigo.

Recursos característicos especialmente deste tipo de cantigas son o **dobre** e o **mozdobre**, a **finda** e a **atá-finda**.

- **Dobre**: repetición simétrica dunha mesma palabra na mesma posición na mesma estrofa ou en estrofas distintas.
- **Mozdobre**: variante do dobre; a palabra repetida é unha variante morfolóxica (por exemplo: parecer-parecemos).
- **Finda**: cobra de un a catro versos (en número distinto ao resto das cobras) que resume o contido da cantiga ou presenta unha conclusión. A finda debe levar a rima da última cobra nas cantigas de mestría e ter a mesma rima có refrán nas deste tipo.
- **Ata a finda**: Encabalgamento interestrófico ata finda final, é dicir, o último verso dunha cobra continúa no primeiro verso da seguinte, e así ata a finda.

¹ Os nomes acabados en -or eran invariables en canto ao xénero, que viña indicado polo determinante: *unha pastor, mia senhor*.

² Vinculación entre un señor e un vasalo: o primeiro concédelle a terra e o segundo réndelle fidelidade e préstalle determinados servizos. O señor pasa a ter dominio sobre o vasalo a cambio de protección e manutención.

³ Perder o sentido, entolecer, tolemia

⁴ Honor, prestixio.

⁵ Faltar, minuar, arruinar.